

# CMUS Profesional de Viveiro



CONCELLO DE VIVEIRO

Conservatorio Profesional  
de Música de Viveiro



**PROGRAMACIÓN**

**ANÁLISE**

## ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	3
1. METODOLOXÍA.....	4
2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....	5
3. TEMAS TRANSVERSAIS .....	6
3.1. EDUCACIÓN EN VALORES .....	6
3.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC'S).....	7
4. ACTIVIDADES CULTURAI E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS .....	8
5. SECUENCIACIÓN DO CURSO.....	9
5.1. ► CURSO: 5º DE GRAO PROFESIONAL .....	9
5.1.1. <i>Obxectivos</i> .....	9
5.1.2. <i>Contidos</i> .....	9
5.1.3. <i>Avaliación</i> .....	10
5.1.4. <i>Medidas de recuperación</i> .....	11
5.1.5. <i>Recursos didácticos</i> .....	11
5.2. ► CURSO: 6º DE GRAO PROFESIONAL .....	13
5.2.1. <i>Obxectivos</i> .....	13
5.2.2. <i>Contidos</i> .....	13
5.2.3. <i>Avaliación</i> .....	13
5.2.4. <i>Medidas de recuperación</i> .....	15
5.2.5. <i>Recursos didácticos</i> .....	16
6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	17
7. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO .....	18
8. ANEXOS .....	19
8.1. CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DOS PREMIOS FIN DE GRAO.....	19
8.2. PRBAS DE ACCESO.....	20

## INTRODUCCIÓN

As ensinanzas artísticas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ten por finalidade promocionalle ao alumnado unha formación artística de calidade, así como a de garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, no seu artigo 6.2 atribúe ao Goberno fixar as ensinanzas mínimas, que constitúen os aspectos básicos do currículo, co fin de garantir unha formación común a todos os alumnos e a validez dos títulos correspondentes. Así mesmo, o artigo 6.4 determina que as administracións educativas competentes establecerán o currículo das distintas ensinanzas reguladas pola mesma, que deberá incluír os aspectos básicos relativos aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación que constitúen as ensinanzas mínimas.

O Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro, fixa os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola LOE.

O Decreto 198/2007, do 27 de setembro, establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, e o seu currículo para o ámbito de competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste decreto establécese que a finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste decreto establécese que a finalidade das ensinanzas profesionais de música é a de proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

A presente programación da concreción aos anteriores decretos a nivel de centro, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento.

## 1. METODOLOXÍA

A importancia do estudo da Análise radica en que esta materia enténdese como imprescindible para a completa formación do alumno como instrumentista-intérprete xa que dotará ao alumno de ferramentas harmónicoformais necesarias para a comprensión do seu repertorio, desenvolvendo así diferentes xeitos de coñecer máis profundamente as obras que interpreta.

Os resultados que pretendemos acadar son:

O coñecemento, terminoloxía, definición e características dos elementos da linguaxe musical e dos procedementos compositivos de obras musicais dos períodos da práctica tonal.

Utilizar correctamente a terminoloxía analítica na expresión oral e escrita, con coherencia e claridade.

Ter interese por coñecer obras destes períodos estilísticos aínda, que a súa especialidade instrumental non posúa literatura musical deles.

A metodoloxía apoiarase nos seguintes principios metodolóxicos:

A formación individual e personalizada.

Desenvolvemento dunha metodoloxía activa e de participación.

Mostra da utilidade do aprendido.

A orientación educativa.

## 2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Durante o proceso de ensino-apredizaxe é preciso ofrecer respostas diferenciadas en función da diversidade do alumno na materia de Análise.

Debemos tentar axudar tanto a aqueles que teñen un nivel máis baixo como aos que están mellor preparados. Por esta razón, poderanse adaptar ou engadir actividades que se consideren oportunas para esta atención individualizada, sexan como reforzo ou ben como ampliación.

A vía para o tratamento da diversidade é a adaptación curricular. Conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado. Dependendo das circunstancias que se presenten no aula, o profesor poderá expor as seguintes estratexias:

- Adaptación do material didáctico.
- Variacións na metodoloxía, para adaptala ás necesidades de cada alumno.
- Actividades de traballo diferenciadas. O profesor faría unha análise dos contidos da materia e prepara actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas.
- Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.
- Acelerar ou frear o ritmo de introdución de novos contidos adaptándose individualmente ao alumno.

A adaptación de obxectivos e contidos terá que respectar os mínimos exixibles fixados na programación.

### 3. TEMAS TRANSVERSAIS

#### 3.1. EDUCACIÓN EN VALORES

O desenvolvemento integral do alumno non debe estar limitado á adquisición de conceptos e coñecementos académicos vinculados exclusivamente a cada unha das súas áreas, senón que debe formar aos alumnos para integrarse na sociedade actual, sabendo responder de maneira adecuada aos problemas que esta sociedade implica.

Esta formación, que non está definida en ningunha das áreas, debe estar presente na aula de forma permanente, e maniféstase a través do que coñecemos como temas transversais.

A forma na que entendemos o tratamento destes temas transversais fica reflectida nos obxectivos seguintes:

- Educación para a paz.
  - Adestrarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.
- Educación moral e cívica.
  - Participar en tarefas comúns, mostrando actitudes de colaboración e respecto polas opinións e propostas alleas.
  - O respecto pola autonomía dos demais.
- Educación para a igualdade entre os sexos.
  - Desenvolver a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade.
  - Analizar criticamente a realidade e corraxir prexuizos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, etc.
- Educación para a saúde, (postural, auditiva).
  - Proporcionar un contexto adecuado para realizar unha valoración crítica de determinados hábitos relacionados coa saúde.
- Educación para o consumidor.
  - Crear unha conciencia de consumidor responsábel que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.

Desde a música, moitos destes temas poden tratarse propoñendo actividades que se desenvolvan en grupo, xa que estas favorecen a comunicación dos alumnos e fomentan actitudes de convivencia.

Ademais, na música pódense tratar contidos relacionados directamente coa saúde (o uso adecuado do corpo á hora de tocar o instrumento precisa dun coñecemento e coidado do mesmo, especialmente ante problemas habituais na adolescencia. Tratar temas que relacionados directamente coa paz (o coñecemento da música de outras culturas aumenta o respecto cara estas, comprendendo que o mundo non é só a música e culturas occidentais, nin as súas visións). Tratar temas relacionados coa educación para o consumidor, onde se pode analizar o mercado musical, os prezos dos cd's, o pirateo, a vulneración dos dereitos de propiedade intelectual. Tratar o uso da música nas publicidades, nos grandes almacéns, así como o efecto que pode producir no consumidor, cara quen vai dirixido.

### **3.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC'S)**

Podemos facer a seguinte clasificación das TIC de utilidade para o proceso de ensino na materia:

- Medios Audiovisuais:
  - Videos, libros, partituras e audios facilitados polo profesor.
- Medios en internet:
  - YouTube e páxinas específicas de análise musical
- Programas informáticos:
  - Utilización de programas básicos de informática como Word o editores de Pdf ademais de programas específicos de Música que poidan axudar no análise musical.
- Medios para a comunicación:
  - Ademais da comunicación oral nas clases farase un grupo de WhatsApp para que o alumnado teña constancia por escrito dos aspectos mais relevantes do curso.
- O portal do centro para comunicación á comunidade escolar e ao alumnado da materia das actividades programadas, audicións, eventos, etc.

## 4. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSEÑANZAS

Tendo en conta as características da materia de Análise, e o seu lugar dentro do currículo do alumnado, o departamento de composición procurará a realización de actividades culturais e de promoción da materia.

Unha actividade pedagóxica moderna non pode quedar reducida ao ámbito da aula, aínda sendo este o espazo central do proceso educativo. Este traballo pode verse complementado por outras tarefas realizadas noutros espazos do propio centro ou doutras entidades colaboradoras.

Estas actividades están orientadas a superar o marco tradicional das clases de Análise, complementándoas con actividades o máis variadas posibles que poñan en contacto os nosos alumnos coa realidade musical nun senso máis amplo, permitíndolles conectar esta realidade coa sociedade e a cultura do noso tempo.

Para que estas actividades teñan o máximo proveito, deben relacionarse có proceso xeral de aprendizaxe en resposta a unha adecuada planificación.



## 5. SECUENCIACIÓN DO CURSO

### 5.1. ► CURSO: 5º DE GRAO PROFESIONAL

#### 5.1.1. Obxectivos

A ensinanza de análise no grao profesional de música terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Coñecer a terminoloxía analítica básica, os tipos formais e procedementos compositivos da práctica tonal: Barroco, Clasicismo e Romanticismo.
- A adquisición dun vocabulario específico relacionado coa materia permitirá ao alumnado comunicar aos demais de forma precisa, completa e coherente as súas propias análises, opinións, conclusións, valoracións e argumentacións sobre os procesos musicais coñecidos e sobre as obras estudadas, sexa de forma oral ou escrita. Igualmente o capacita para comprender a información contida en fontes de información específicas relativas á análise musical en particular e á música en xeral.
- Analizar obras sinxelas dos estilos da práctica tonal atendendo aos parámetros que as compoñen: macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía, temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agóxica, tímbrica, articulación, etc.
- Neste primeiro curso trátase de facer unha análise de obras básicas nas que o alumnado debe ser capaz de identificar e recoñecer os elementos musicais que as conforman e caracterizan.

#### 5.1.2. Contidos

##### → PRIMEIRO TRIMESTRE

Planificación do análise.

Aspectos analíticos: forma, harmonía, textura, melodía, ritmo, tímbrica e tratamento instrumental ou vocal.

As pequenas formas binarias e ternarias.

##### → SEGUNDO TRIMESTRE

A forma musical.

Procedementos xeradores da forma.

Análise harmónico de obras barrocas e clásicas.

##### → TERCEIRO TRIMESTRE

Os elementos temáticos: tema, motivo, célula.

A elaboración motívica.

Análise harmónico de obras a dúas voces (recoñecemento dos seus acordes).

Análise de obras contrapuntísticas: textura contrapuntística, independencia lineal, procedementos contrapuntísticos.

### 5.1.3. Avaliación

#### Criterios de avaliación

- Coñecer a terminoloxía analítica básica, os tipos formais e procedementos compositivos da práctica tonal: Barroco, Clasicismo e Romanticismo.
- Analizar obras sinxelas dos estilos da práctica tonal atendendo aos parámetros que as compoñen.
- Sinalar na obra as características fundamentais dos parámetros que a compoñen conferíndolle unha estética propia do estilo ao que pertence.
- escoitar internamente os tipos de acordes e as fórmulas harmónicas.

#### Mínimos esixibles

O alumnado que adquira o mínimo de coñecementos e destrezas que se indican poderá aprobar a materia.

- Coñecer a terminoloxía, definición e características dos elementos da linguaxe musical e dos procedementos compositivos de obras musicais dos períodos da práctica tonal.
- Utilizar correctamente a terminoloxía analítica na expresión oral e escrita, con coherencia e claridade.
- Ter interese por coñecer obras destes períodos estilísticos aínda, que a súa especialidade instrumental no posúa literatura musical deles.
- Valorar as características estilísticas de cada período, interesándose polo coñecemento de obras musicais de distintos compositores.
- Recoñecer características dos procedementos compositivos da práctica tonal a través da audición e a análise.
- Valorar e aceptar as normas de participación na clase colectiva, tendo respecto e consideración polas intervencións e opinións das demais persoas.
- Analizar obras sinxelas dos estilos da práctica tonal atendendo aos parámetros que as compoñen.

#### Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Inicial:** Establécese este tipo da avaliación para concretar as características dos nosos alumnos, así como para detectar, nos casos que así se precisase, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno, para así poder resolver no menor tempo posible e da forma mais axeitada.
- **Continua:** Establécese este tipo da avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao longo de todo o curso académico, aportando ao alumno a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.
- **Final ou sumativa:** Dada a necesidade de emitir unha nota ao termo de cadanseu trimestre, así como ao final do curso académico, establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a bo termo os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte dun alumno.

Esta serie básica de ferramentas de avaliación sería:

### **OBSERVACIÓN DIRECTA**

Corrección individual dos exercicios na clase comprobando que o alumnado realiza as modificacións propostas polo profesor.

Recollida dos exercicios escritos.

Coñecemento dos contidos.

### **EXAMES**

Realización de tres exames obxectivos (un por trimestre)

Para a realización do exame reservarase un día lectivo, no horario normal da clase, e poderá ampliarse a súa duración si a extensión do exercicio o require.

### **Criterios de cualificación**

A cualificación trimestral e final será o resultado de calcular a media aritmética de cada un dos seguintes apartados, aos que se lles aplicará a ponderación indicada:

Comportamento e a participación activa na clase achegando solucións aos problemas formulados suporá o 20% da nota.

A nota do exame trimestral suporá o 80% da nota.

## **5.1.4. Medidas de recuperación**

### **Procedementos de recuperación ordinarios**

O proceso de recuperación será unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos.

No caso de non acadar un resultado positivo na terceira avaliación poderase facer unha proba de recuperación na que se faga referencia a todos os contidos do curso.

### **Probas extraordinarias do mes de Xuño**

Segundo o disposto nas Instrucións da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional para a aplicación do Calendario do Curso "2021/2022 e a Orde do 19 de Maio de 2021 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, as probas extraordinarias de Setembro pasan a ter lugar no mes de Xuño. Os alumnos/as que non acaden nas probas ordinarias do mes de Maio os Obxetivos e contidos mínimos esixibles do curso, establecidos na presente programación, deberán presentarse ás probas extraordinarias do mes de Xuño. O calendario destas probas será exposto públicamente nos meses de Maio-Xuño nos taboleiros de información xeral do Conservatorio, no taboleiro do Departamento e na páxina web do centro.

Para superar as probas do curso, o alumno deberá superar os obxetivos e contidos mínimos esixibles non acadados durante o curso establecidos na presente programación.

A cualificación desta proba extraordinaria será mediante un exercicio escrito similar o da terceira avaliación sendo o seu resultado o 100% da nota.

## **5.1.5. Recursos didácticos**

Os recursos e materiais son elementos que constitúen un factor fundamental xa que posibilitan a consecución e posta en práctica dos obxetivos e contidos da materia de Análise.

## **MATERIAIS XERAIS**

Lousa.

Piano.

Equipo de música.

## **MATERIAIS PROPIOS DO PROFESOR**

Bibliografía para o apoio da labor docente.

Axenda ou diario para o seguimento e desenrolo da programación.

Partituras.

## **MATERIAIS PROPIOS DO ALUMNADO**

Caderno ou papel pautados.

Libro de texto.

## 5.2. ► CURSO: 6º DE GRAO PROFESIONAL

### 5.2.1. Obxectivos

No curso anterior os estudantes desenvolveron capacidades que lles permiten recoñecer as diferentes tipoloxías formais, as súas variantes e combinacións dentro dos estilos Barroco, Clásico e Romántico e en obras que partían dos exemplos mais sinxelos para ir avanzando cada vez mais cara a unha maior complexidade.

Con este 6º curso chega o momento de ampliar as fronteiras. Temos que ter en conta que os e as discentes que pensen continuar estudos musicais instrumentais no grao superior deberán afrontar un exercicio analítico como parte da proba de acceso. Os aspirantes ao grao superior por outras especialidades (Composición, Dirección...) aínda se cabe, precisarán dunha maior solidez na súa formación analítica.

O alumnado poderá demostrar ao remate deste 6º curso as capacidades seguintes.

- Coñecer os principios elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores, atendendo a un amplo abanico de estilos.
- Analizar obras dunha crecente complexidade dunha ampla variedade de estilos e de diferentes compositores da práctica tonal atendendo aos parámetros que as compoñen.
- Recoñecer as características dos parámetros que compoñen unha obra e que lle confiren unha estética propia do estilo ao que pertence, e de comprender a interrelación dos procedementos compositivos de cada época cos tipos de obras que se derivan deles.
- escoitar internamente os tipos de acordes e as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.

### 5.2.2. Contidos

#### → PRIMEIRO TRIMESTRE

A forma sonata.

O rondó.

O minueto.

O scherzo.

#### → SEGUNDO TRIMESTRE

Tipoloxías formais do movemento lento da sonata.

A fuga.

A relación entre música e texto: O lied.

#### → TERCEIRO TRIMESTRE

Formas libres: preludio, tocata, obertura, fantasía, etc.

Tratamento das formas musicais do século XX.

### 5.2.3. Avaliación

#### Criterios de avaliación

- Coñecer a terminoloxía analítica básica, os tipos formais e procedementos compositivos da práctica tonal: Barroco, Clasicismo e Romanticismo.

- Analizar obras sinxelas dos estilos da práctica tonal atendendo aos parámetros que as compoñen.
- Sinalar na obra as características fundamentais dos parámetros que a compoñen conferíndolle unha estética propia do estilo ao que pertence.
- escoitar internamente os tipos de acordes e as fórmulas harmónicas.

### Mínimos esixibles

O alumnado que adquira o mínimo de coñecementos e destrezas que se indican poderá aprobar a materia.

- Coñecer a terminoloxía, definición e características dos elementos da linguaxe musical e dos procedementos compositivos de obras musicais dos períodos da práctica tonal.
- Utilizar correctamente a terminoloxía analítica na expresión oral e escrita, con coherencia e claridade.
- Ter interese por coñecer obras destes períodos estilísticos aínda, que a súa especialidade instrumental no posúa literatura musical deles.
- Valorar as características estilísticas de cada período, interesándose polo coñecemento de obras musicais de distintos compositores.
- Recoñecer características dos procedementos compositivos da práctica tonal a través da audición e a análise.
- Valorar e aceptar as normas de participación na clase colectiva, tendo respecto e consideración polas intervencións e opinións das demais persoas.
- Analizar obras sinxelas dos estilos da práctica tonal atendendo aos parámetros que as compoñen.

### Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Inicial:** Establécese este tipo da avaliación para concretar as características dos nosos alumnos, así como para detectar, nos casos que así se precisase, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno, para así poder resolver no menor tempo posible e da forma mais axeitada.
- **Continua:** Establécese este tipo da avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao longo de todo o curso académico, aportando ao alumno a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.
- **Final ou sumativa:** Dada a necesidade de emitir unha nota ao termo de cadanseu trimestre, así como ao final do curso académico, establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a bo termo os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte dun alumno.

Esta serie básica de ferramentas de avaliación sería:

#### OBSERVACIÓN DIRECTA

Corrección individual dos exercicios na clase comprobando que o alumnado realiza as modificacións propostas polo profesor.

Recollida dos exercicios escritos.

Coñecemento dos contidos.

## EXAMES

Realización de tres exames obxectivos (un por trimestre)

Para a realización do exame reservarase un día lectivo, no horario normal da clase, e poderá ampliarse a súa duración si a extensión do exercicio o require.

### Criterios de cualificación

A cualificación trimestral e final será o resultado de calcular a media aritmética de cada un dos seguintes apartados, aos que se lles aplicará a ponderación indicada:

Comportamento e a participación activa na clase achegando solucións aos problemas formulados suporá o 20% da nota.

A nota do exame trimestral suporá o 80% da nota.

### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito indispensable que o alumno supere os obxectivos e contidos de todas as materias do curso no que está matriculado, e que o profesor considere que pode superar os do seguinte.

O Alumno/a interesado en ampliar matrícula notificará este feito aos profesores/as de todas as materias das que estea matriculado. O alumno poderá solicitar permiso para asistir coma oínte ás clases do curso ao que quere ampliar. Haberá unha xunta avaliadora formada por todos os profesores/as, que emitirán unha cualificación.

O consello Escolar visto as actas de avaliación concederá as ampliacións de matrícula que procedan.

## 5.2.4. Medidas de recuperación

### Procedementos de recuperación ordinarios

O proceso de recuperación será unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos.

No caso de non acadar un resultado positivo na terceira avaliación poderase facer unha proba de recuperación na que se faga referencia a todos os contidos do curso.

### Probas extraordinarias do mes de xuño

Segundo o disposto nas Instrucións da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional para a aplicación do Calendario do Curso "2021/2022 e a Orde do 19 de Maio de 2021 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, as probas extraordinarias de Setembro pasan a ter lugar no mes de Xuño. Os alumnos/as que non acaden nas probas ordinarias do mes de Maio os Obxetivos e contidos mínimos esixibles do curso, establecidos na presente programación, deberán presentarse ás probas extraordinarias do mes de Xuño. O calendario destas probas será exposto públicamente nos meses de Maio-Xuño nos taboleiros de información xeral do Conservatorio, no taboleiro do Departamento e na páxina web do centro.

Para superar as probas do curso, o alumno deberá superar os obxectivos e contidos mínimos esixibles non acadados durante o curso establecidos na presente programación.

A cualificación desta proba extraordinaria será mediante un exercicio escrito similar o da terceira avaliación sendo o seu resultado o 100% da nota.

### **5.2.5. Recursos didácticos**

Os recursos e materiais son elementos que constitúen un factor fundamental xa que posibilitan a consecución e posta en práctica dos obxectivos e contidos da materia de Análise.

#### **MATERIAIS XERAIS**

Lousa.

Piano.

Equipo de música.

#### **MATERIAIS PROPIOS DO PROFESOR**

Bibliografía para o apoio da labor docente.

Axenda ou diario para o seguimento e desenrolo da programación.

Partituras.

#### **MATERIAIS PROPIOS DO ALUMNADO**

Caderno ou papel pautados.

Libro de texto.



## **6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, revisarase de forma permanente o grao de cumprimento desta programación así como os resultados académicos dos alumnos, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos, como as características individuais de cada un dos alumnos.

Os profesores informarán aos alumnos e aos seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución.

Así mesmo, tentase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno.

## 7. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos, etc.

Todo iso, tendo en conta a idiosincrasia propia das materias do departamento e en concreto a de Análise, así como a individualidade de cada un dos alumnos: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo, interese no estudo....

Comentaranse regularmente os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna.

Trasladaranse á comisión de coordinación pedagóxica os puntos que os profesores estimen necesarios. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificando criterios para obter un óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento.

## 8. ANEXOS

### 8.1. CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DOS PREMIOS FIN DE GRAO

Por norma xeral, para obter os premios de fin de grao atenderase ao disposto na *Orde do 10 de marzo de 2009 pola que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e premio de fin de grao nas ensinanzas profesionais de música e danza.*

## 8.2. PRBAS DE ACCESO

Segundo o disposto nas Instruccións da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional para a aplicación do Calendario do Curso “2021/2022 e a Orde do 19 de Maio de 2021 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, as probas de acceso pasan a ter lugar no mes de Xuño. O calendario destas probas será exposto públicamente nos meses de Maio-Xuño nos taboleiros de información xeral do Conservatorio, no taboleiro do Departamento e na páxina web do centro.

Os aspirantes que se presenten ao acceso a 6ºGP deberán demostrar o seu dominio dos contidos da Análise de 5ºGP. Para iso faráselles unha proba escrita baseada nos contidos desta programación de 5ºGP na que analizarán harmónica e formalmente unha obra proposta polo departamento de composición sobre a que o aspirante deberá facer un comentario de texto facendo fincapé en aspectos analíticos como a forma, textura, melodía, ritmo, tímbrica e harmonía.